



D. ANTONIO LORENZO MORANDEIRA, LCDO. EN DEREITO E SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONCELO DE BEGONTE (LUGO).

CERTIFICO: Que, examinados os datos obrantes nestas oficinas ao meu cargo, a Xunta de Goberno Local , - na sesión extraordinaria e urxente de data 23 de decembro de 2014 - adoptou entre outros o acordo cuxo tenor literal é o seguinte :

3º.-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL .

Dada conta do expediente incoado para proceder á contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e tramitación urxente do servizo de " FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL ", cun orzamento de licitación de Setenta e oito mil oitocentos corenta e oito euros (78.848,00 €).

Visto , as ofertas presentadas polas distintas empresas participantes na licitación e a proposta de adxudicación feita pola mesa de contratación con data 22 de decembro de 2014 en favor da mercantil FORMACIÓN NEWTON (ACADEMIA DE ENSEÑANZA NEWTON VILLALBA, S.L.U.) , logo da acta de constancia e valoración das correspondentes ofertas , por tratarse da oferta mais vantaxosa.

Visto, a presentación pola devandita empresa da documentación requirida, acreditativa da constitución da fianza definitiva esixida e de atoparse ao corrente no cumprimento da súas obrigas tributarias e coa seguridade social,

A Xunta de Goberno Local, en canto que órgano de contratación competente, e por unanimidade, acorda :

1º.- Adxudicar o servizo de " FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL " á mercantil FORMACIÓN NEWTON (ACADEMIA DE ENSEÑANZA NEWTON VILLALBA, S.L.U.) , co CIF nº B-27.358.209 , no prezo total de Setenta e oito mil oitocentos corenta e oito euros (78.848,00 €). Este prezo correspóndese coa impartición de 704 horas de formación , a 14 alumnos e 8,00 €/alumno.

2º.- A duración inicial do contrato será a de duración da actividade formativa e estenderase ata o remate do prazo de xustificación da subvención.

3º.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente polo importe total de Setenta e oito mil oitocentos corenta e oito (78.848,00) euros, con cargo á aplicación 170.227 do orzamento municipal vixente e adquirir o oportuno compromiso de gasto para o exercicio de 2015.

4º.- Notificar a adxudicación do contrato aos candidatos ou licitadores , así como a publicación no perfil do contratante. Requerir ao contratista coa oferta mais vantaxosa para a correspondente formalización do contrato.

5º.- Facultar ao sr. Alcalde-Presidente para a formalización do devandito contrato administrativo e de cantos documentos fosen necesarios na execución do acordado e proceder á publicación desta formalización no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do Contratante.

E para que conste, e aos efectos de unir ao expediente de razón , de orde e co visto e prace do sr. Alcalde-Presidente e coa salvedade do disposto no art. 206 do R.O.F. , expídese a presente en Begonte a vinte e tres de decembro de dous mil catorce.



Visto e Prace.
O Alcalde-Presidente.
Asdo. José Ulla Rocha.

O Secretario-Interventor.

